

**PLAN DE
CONTINXENCIA
CURSO 2021-2022**

**C.E.I.P.
MAGALÁNS-DORRÓN**

Código	Denominación	
36008829	C.E.I.P. MAGALÁNS-DORRÓN	
Enderezo		C.P.
Magaláns-Dorrón s/n		36966
Localidade	Concello	Provincia
MAGALÁNS	SANXENXO	PONTEVEDRA
Teléfono	Correo electrónico	
886 151 663/664	ceip.magalans.dorron@edu.xunta.gal	
Páxina web		
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmagalansdorron		

O Plan de Continxencia do centro educativo **C.E.I.P. MAGALÁNS-DORRÓN** ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

ÍNDICE

1.	ACTUACIÓN PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN GROMO.....	5
2.	ACTUACIÓN PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.....	7
3.	MEDIDAS PARA O REINICO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL.....	11
4.	HORARIO PARA SUPOSTOS DE ENSINO A DISTANCIA.....	12

1. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN GROMO

1. **Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con Covid-19**, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de Covid-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de Covid-19.

2. Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con Covid-19 no centro educativo seguirase o seguinte **protocolo de actuación**:

- Colocaráselle unha **máscara cirúrxica**, levaráselle á **sala de Covid** destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia. Esta disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal. Será necesario contactar coa persoa responsable do manexo da Covid-19 no centro educativo e cos familiares ou titores legais.

- A **persoa que acompañe** ao caso sospeitoso deberá levar o **material de protección** adecuado:

- Máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva.
- De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable.

Na eventualidade de que non houberse dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.

Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha

persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo. O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

3. En caso de presentar síntomas de **gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061**. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
4. No suposto da aparición dun **caso**, no centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na Covid-19, a petición dos servizos de saúde a través de EduCovid, incluírá na **aplicación informática** a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.
5. A **familia** dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha **consulta telefónica** co seu **pediatra** para que este **avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico**.
6. Tras a aparición dun caso **diagnóstico da Covid-19 seguiranse as recomendacións da CSC e, no caso de gromos, da Xefatura Territorial de Sanidade**, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.
7. A **autoridade sanitaria**, en coordinación coa **Consellería de Educación**, **determinará** en cada caso o número de **persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo**

Covid do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

- 8. A autoridade sanitaria**, en función do número de contaxios, **poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade.**
- 9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria** que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en **corentena de polo menos 10 días** a todas as persoas que teñan a consideración de **contacto estreito.**
- 10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo**, na resolución que se dite aos efectos do Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 así como para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 para o **desenvolvemento de ensino a distancia** en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da Covid-19, relativas ao ensino a distancia.

2. ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

- 11. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles**

ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

12. O equipo Covid do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

13. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

14. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

a. Manter o contacto permanente co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia.

b. Actualizar a aula virtual dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.

c. Realizar tarefas de desinfección profundas no centro.

d. Revisar o protocolo para buscar posibles erros e facer as modificacións que se estimen oportunas.

e. O titor/a comunicará, á súa vez, esta circunstancia ao resto de profesorado que imparte docencia no grupo e, de xeito coordinado, deseñarán o plan de actuación para este alumnado.

f. O titor/a realizará unha primeira comunicación coa familia para informar do plan e coordinar as actuacións, informando dos horarios espello, das conexións a realizar e das tarefas a levar a cabo.

g. Coordinar co profesorado implicado as quendas de organización das fases.

- En EDUCACIÓN INFANTIL, 1º e 2º de EDUCACIÓN PRIMARIA:

O Equipo Docente, traballará desde una perspectiva didáctica globalizadora, poñendo en xogo contidos de distintas áreas e coordinando as estratexias e propostas.

Da mesma foma, buscamos favorecer a colaboración coas familias proporcionándolle distintos medios para un intercambio continuo e fluído de información a través de estratexias como:

- Envío de tarefas diarias por correo electrónico, dando diferentes opcións: material impreso, dixital, de elaboración propia...
 - Entrega de tarefas por parte das familias e comentarios privados para dúbidas, sensacións dos nenos/as, etc.
 - Chamadas telefónicas e videochamadas en pequenos grupos ou individual centradas na parte emocional das familias.
- En 3º; 4º; 5º e 6º de EDUCACIÓN PRIMARIA:

O profesorado traballará co alumnado a través da aula virtual e os correos electrónicos. O traballo proporase con metodoloxía integradora ou globalizadora.

As familias comunicarán ao profesorado as dispoñibilidades/dificultades de conexión ou falla de equipamento para, na medida do posible, tentar atopar solucións conxuntas e minimizar os efectos negativos para o alumnado.

- As tarefas serán propostas a través da aula virtual e correo electrónico, o alumnado utilizará eses medios para a devolución e entrega das mesmas.

Para o alumnado con falta de recursos dixitais buscaremos fórmulas alternativas de acceso ás actividades e a achega das mesmas ás titoras e aos titores.

- As actividades propostas serán coordinadas entre o profesorado de nivel tendo presente unha adecuada temporalización:

1. PROXECTOS DE TRABALLO

2. VISITAS A PÁXINAS WEB.

3. ANÁLISE E REFLEXIÓN DA INFORMACIÓN PRESENTADA

mediante diferentes soportes: pdfs, swf, vídeos, audios.

- Realizar definicións
- Buscar ideas clave
- Buscar relacións
- Elaborar esquemas
- Mapas conceptuais

4. REALIZACIÓN DE EXEMPLOS PRESENTADOS polos docentes elaborados en diferentes soportes para realizar diferentes actividades.

5. ANÁLISE DE IMÁXENES en pdfs, páxinas web, libro dixital para:

- a. Identificación
- b. Relación
- c. Asociación
- d. Discriminación

6. ESTUDIO DE CASOS.

Presentación de situacións problemáticas reais ou ficticias, ás que o alumnado debe enfrontarse e solucionar utilizando os contidos traballados

7. RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS.

Analizar e resolver problemas

8. LECTURA DE DOCUMENTOS

Presentación de textos en diferentes soportes para realizar:

- . Lecturas
- . Análise
- . Esquemas/ Resumos
- . Elaboración de novos textos

- O contacto co alumnado será periódico tanto para coñecer a súa evolución académica como de saúde. Eses contactos poderán facerse telefonicamente, por correo electrónico ou por videoconferencia.

- Os horarios de conexión por videoconferencia respectarán os horarios de titoría e especialidades.

- A avaliación será continua e global, terá en conta as actividades e traballos realizados ademais dos resultados nos instrumentos de avaliación segundo o que o profesorado de nivel/área/materia indique nas correspondentes programacións

3. MEDIDAS PARA O REINICO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

15. Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase unha planificación do retorno a actividade presencial.

O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.

Algunhas das medidas que se poderán contemplar son:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Desinfección de todos os espazos.
- Revisión das medidas organizativas.

4. HORARIO PARA SUPOSTOS DE ENSINO A DISTANCIA

3º E.P.	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10:00/10:45	Matemáticas	Matemáticas	L. Castelá	Matemáticas	Matemáticas
10:45/11:30	L. Castelá	L Galega	CCNN	L. Galega	L.Galega
11:30/12:00	RECRO	RECRO	RECRO	RECRO	RECRO
12:00/12:45	Inglés	Artística	Relixión Valores	L. Castelá	Inglés
12:45/13:30	L Galega	CCSS	EF	CCNN	CCSS

4º E.P.	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10:00/10:45	Matemáticas	Lgalega	CCNN	L.Galega	Matemáticas
10:45/11:30	L.Galega	Mat	L.Castelá	Matemáticas	L.Galega
11:30/12:00	RECRO	RECRO	RECRO	RECRO	RECRO
12:00/12:45	L.Castelá	Inglés	Artística	Inglés	L.Castelá
12:45/13:30	CCSS	E.F.	Relixión Valores	CCSS	CCNN

5º E.P.	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10:00/10:45	Matemáticas	Matemáticas	L. Castelá	Matemáticas	Matemáticas
10:45/11:30	L Galego	L Galega	CCSS	LGalega	L.Galega
11:30/12:00	RECRO	RECRO	RECRO	RECRO	RECRO
12:00/12:45	CCNN	L Castelá	CCNN	Artística	L Castela
12:45/13:30	Inglés	Relixión Valores	Inglés	EF	CCSS

6º E.P.	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10:00/10:45	Matemáticas	Matemáticas	L. Castelá	Matemáticas	Matemáticas
10:45/11:30	L Castelá	L.Galega	CCSS	L.Galega	L.Castelá
11:30/12:00	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
12:00/12:45	L.Galega	CCSS	L.Galega	CCNN	Artística
12:45/13:30	Relixión Valores	Inglés	CCNN	Inglés	EF